

1. A poboación activa é a formada por todas as persoas que traballan e reciben un soldo e polas que o buscan. A poboación pasiva está formada polas persoas que non poden traballar ou que non cobran un soldo polas súas actividades.
2. • Sector primario: son os traballos que obteñen materias primas, animais ou vexetais.
• Sector secundario: son os traballos que transforman as materias primas noutros produtos.
• Sector terciario: son os traballos que non obteñen produtos senón que prestan servizos.
3. Os cultivos de secaño son os que crecen unicamente coa auga das precipitacións, como a vide. Os cultivos de regadío son os que necesitan ser regados, como o millo.
4. 1. Arar. 2. Sementar. 3. Recoller.
5. De esquerda a dereita: ovino, bovino, porcino.
6. • A gandería que se cría ao aire libre en pastos naturais chámase **extensiva**.
• A gandería que se cría en granxas e cortes chámase **intensiva**.
7. Corresponde á gandería intensiva.
8. A pesca de altura faena en mar aberto, e a de baixura, preto da costa. Na pesca de altura os mariñeiros pasan varios días ou meses sem tocar porto, e na de baixura regresan cada día. Na pesca de altura utilízanse barcos grandes con cámaras frigoríficas, e na de baixura, barcos pequenos.
9. A acuicultura é o cultivo de plantas e animais acuáticos nunha especie de estanques.
10. A imaxe da esquerda corresponde á pesca de altura, e a da dereita, á pesca de baixura.

1. O sector secundario agrupa os traballos que se fan nas fábricas, nos obradoiros artesanais e na construción.
2. O albanel e o zapateiro.
3. • Máquinas: poucas e sinxelas no obradoiro e moitas e complexas na

fábrica.

- Lugar de traballo: obradoiro pequeno fronte a grande edificio na fábrica.
4. As industrias de base fabrican produtos que serven de materias primas a outras industrias, mentres que as industrias de consumo fabrican produtos que se venden directamente aos consumidores.
 5. • Onza de chocolate: industria de consumo.
 - Cemento: industria de base.
 - Barra de aceiro: industria de base.
 - Medicamento: industria de consumo.
 6. Por exemplo: vendedor, camioneiro, informático, economista, profesor, camareiro.
 7. • Comerciais e de distribución: vendedor, camioneiro.
 - Sociais: profesor.
 - Turísticos, culturais e de ocio: camareiro.
 - Servizos a empresas: economista, informático.
 8. Autoestradas, vías de ferrocarril, aeroporto, estación ferroviaria e porto.
 9. Debe rodear: produto, cliente, vendedor, establecemento, forma de pago.
 10. Turismo de costa, o relacionado coa natureza e o cultural.